

COÑECEMOS OS MATERIAIS: DE QUE ESTÁN FEITAS AS COUSAS?

Para esta semana , temos unha nova unidade didáctica, **OS MATERIAIS e a RECICLAXE**. Como nas anteriores ocasións non tendes que facer todo, pero é importante que fagades un pouquiño cada día, pero sei que algúns tendes pouco tempo e non quero que vos agobiedes vós nin os nenos.

Lede cos nenos a información e facede os exercicios. Podedes ver o vídeo primeiro.

<https://es.slideshare.net/santaanamadrideojos/unidad-3-objetos-y-materiales>

Os **obxectos** que utilizamos están fabricados con distintos materiais que teñen características moi diferentes entre si.

Os **materiais** son as substancias que se empregan para fabricar obxectos.

TIPOS DE MATERIAIS: Hai distintos tipos de materiais como: metal, (ouro, prata, ferro, ...), tea (algodón, liño, nylon, seda...), madeira, plástico, papel, vidro, coiro...

Materiais: <file:///C:/Users/Usuario/Downloads/Los%20Materiales.pdf>

PROCEDENCIA: os materiais poden ter orixe animal (coiro, la...), vexetal(madeira, papel...), ou mineral (metais, barro...)



PROPIEDADES dos materiais: Para facer un obxecto calquera, elíxese un material polas súas propiedades. Algunhas propiedades dos materiais son:

Fráxil/resistente	Flexible/ríxido	Pesado/lixeiro	Suave/rugoso/áspero	Duro/brando	Transparente/translúcido/opaco
-------------------	-----------------	----------------	---------------------	-------------	--------------------------------

Que propiedades cres que deben ter os materiais dos seguintes obxectos?: Di 2 para cada un.

Unha ventá:

Unha pelota:

Un oso de peluche:

Escolle diferentes obxectos da túa casa e cubre a táboa seguinte coa información sobre os materiais dos que están feitos. Fai un cada día.

OBXECTO	MATERIAL (de que está feito)	PROCEDENCIA (animal, vexetal ou mineral)	PROPIEDADES

A RECICLAXE

Vídeos: [Enredados](#) [Un parrulo en apuros](#)

RECICLAXE DOS DISTINTOS MATERIAIS:

Mira este vídeo dos BOLECHAS : [Os 3 erros](#) e contesta á pregunta que fai Pili ao final:



Que significan os 3 R?

Outro Vídeo dos Bolechas: [Sabes a cor do colector?](#) E contesta á pregunta de Pili:


Onde botamos as pilas?

Reciclas na túa casa?

Se aínda non o fadedes, agora é o momento! Como o farías?



Arriba tes un montón de lixo, escribe o nome de cada obxecto no colector da color correspondente



PROPOSTA para PLÁSTICA E LINGUA: [Facede un cartel promocionando a reciclaxe na casa. Cun slogan chamativo, debuxos, fotos , decorado...](#)

XOGOS INTERACTIVOS PARA RECICLAR: [JUEGOS ECOEMBES](#)

Mete o lixo no seu contedor. <http://www.sogama.gal/gl/info/xogo-de-asociar>

Fai a secuencia do lixo dende a botella de plástico ata a enerxía eléctrica:

<http://www.sogama.gal/gl/info/xogo-de-secuencias>

OCA DE RECICLAXE: Imprimible, para xogar como á oca.

<https://www.ecoembes.com/sites/default/files/educaeneco/parchis-2.pdf>

Tamén hai películas sobre o medio ambiente, como **WALL.E** ou sobre reciclaxe

como **TOY STORY 3**